	18	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS A VALINFOLGUEIRO E ALBAREDO, P.K. 0+000 – 0+990, INCLUÍDO HONORARIOS	
CASTRO DE REI	58	MELLORA E MANTEMENTO DE ACCESOS A ANCAO, DENDE P.K. 77+960 DA N-640 O PK 0+510 DA LU-760 (MONDRIZ), Á GRANDA DE CANAVAL, DENDE P.K. 1+360 DA LU-P-1114 (DUANCOS), O CASTRO, DENDE P.K. 1+600 DA LU-P-1114 (DUANCOS); O BARRIO DE QUINTELA, DENDE O PK 2+00 DA LU-P-1114 (DUANCOS-ORIZÓN); O BARRIO DE VILA, DENDE O PK 3+880 DA LU-P-1114 (ORIZÓN); FREINOVAL, DENDE A VÍA MUNICIPAL 010 032 (ORIZÓN); Á ESCOLA DE ORIZÓN DENDE A VÍA MUNICIPAL 010 032 (ORIZÓN); CARBALLO E A COSTA, DENDE A ANTIGA LU-P-1706 (TRIABÁ); BARDANCOS E BOUZAVELLA, DENDE A VÍA MUNICIPAL 010 046 (TRIABÁ) E VÍAS INTERIORES DO NÚCLEO DE MATODOSO, NO P.K. 83+200 DA LU-P-1611 (TRIABÁ), INCLUIDO HONORARIOS	30/11/2019
CERVANTES	64	MELLORA DE ACCESOS A SANTA MARIÑA, P.K. 0+00 A 2+480, INCLUÍDO HONORARIOS	30/04/2020
	67	MELLORA E MANTEMENTO DAS VÍAS DE ACCESO DENDE VILAR DE MOUROS Ó MONTE DA COSTA, P.K. 0+000 A 1+200, (SAN PEDRO); DE FOLGUEIROA A DORNA P.K. 0+000 A 0+700, (DORNA); A VILASPASANTES, P.K. 0+000 A 0+090, E FERREIRADEVÉS P.K. 0+000 A 0+500, (VILASPASANTES), INCLUIDOS HONORARIOS	
FOLGOSO DO COUREL	98	EXECUCIÓN DE MURO DE MAMPOSTERÍA NO NÚCLEO DE SECEDA E PRAZA NO ALTO DE VILELA, INCLUÍDO HONORARIOS	31/03/2020
FONSAGRADA (A)	101	MELLORA DE ACCESOS EN CASTONSA (SAN PEDRO)	30/04/2020 (OS INVESTIMENTOS 101-102- E 106, CONDICIONADA Á APROBACIÓN POLO PLENO DA MODIFICACIÓN DOS INVESTIMENTOS INDICADOS)
	102	MELLORA DE ACCESOS EN VILADRIZ (LAMAS DE MOREIRA)	
	103	INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO DA ANTIGA ESCOLA FOGAR PARA ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS	
	104	MELLORA E AMPLIACIÓN NO PAI DE A FONSAGRADA	
	105	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA LOCAL CULTURAL NA ESCOLA FOGAR (MESAS E SILLAS)	
	106	REPOSICIÓN DE CUBERTA EN ANTIGA CASA CONSITORIAL DESTINADA A SERVIZOS MÚLTIPLES	
FOZ	107	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALEMPARTE-VILAMOR (CANGAS)	31/12/2019
	108	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN CABANAS-LAMALLADA (NOIS)	
	109	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN BARGADO-LOUSADA (FAZOURO)	
	110	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN APEADERO-CARPACIDE (NOIS)	
	111	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN RIO DO CARMEN (VILARONTE)	
	112	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN SANTA CILLA	
	113	REFORMA ILUMINACIÓN PÚBLICA URBANA EN RÚA EDUARDO PONDAL E A. NORIEGA VARELA (FOZ)	
	114	ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO URBANO (MESAS E BANCOS)	
	115	ADQUISICIÓN DE VALLAS	
LUGO	145	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS EN PENA DA MULA E PONTEGAOS, INCLUÍDO HONORARIOS	31/03/2020
	146	ABASTECIMENTO DE AUGA NA PARROQUIA DE BOCAMAOS, INCLUÍDO HONORARIOS	
	147	ABASTECIMENTO DE AUGA AO NÚCLEO DE PENARRUBIA (ORBAZAI), INCLUÍDO HONORARIOS	
	148	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA LU-612 AO CAMPO DA FESTA (PIUGOS), INCLUÍDO HONORARIOS	
	149	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE MAZOI A CACABELOS (MAZOI), INCLUÍDO HONORARIOS	
	150	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA RÚA DA INDUSTRIA A BAGUEIXOS (TIRIMOL), INCLUÍDO HONORARIOS	
	151	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA LU-546 AO LÍMITE CO CONCELLO DE O CORGO (SANTA COMBA), INCLUÍDO HONORARIOS	
	152	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA LU-234 AO LÍMITE CO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (BOCAMAOS), INCLUÍDO HONORARIOS	
	153	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE SAN SALVADOR DE MUXA Á RONDA NORTE (SAN SALVADOR DE MUXA)	
	154	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA LU-P-2901 A VILAESTÉVEZ (SAN XOAN DO ALTO), INCLUÍDO HONORARIOS	
MONDOÑEDO	155	CUBERTA ESCOLA DE COEO	20/02/2020
	160	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN O CARMEN (O CARME), FONDO DA VILA E A BRAÑA (SANTA MARIA MAIOR), INCLUÍDO HONORARIOS	

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRÓRROGA ADXUDICACIÓN ATA:
MURAS	180	ACCESIBILIDADE: ASCENSOR CASA DO CONCELLO	30/11/2019
NAVIA DE SUARNA	181	ACONDICIONAMENTO DA AVDA. DE GALICIA, ENTRE RÚA CIMADEVILA E AVDA. DOS ANCARES, INCLUÍDO HONORARIOS	31/05/2020
	182	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN BARCIA, INCLUÍDO HONORARIOS	
	183	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN MERA, INCLUÍDO HONORARIOS	
	184	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN CORO E MURIAS DE RAO, INCLUÍDO HONORARIO	
	185	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN GALEGOS, INCLUÍDO HONORARIOS	
	186	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN TRABADO E SILVOUTA, INCLUÍDOS HONORARIOS	
	187	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN CASTAÑEDO, INCLUÍDO HONORARIOS	
OUIROL	198	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A BARCES, BORREIROS, LECÍN-O PONTÓN-LU-P-3809, O PORTAL, PONTE DE BETANZOS, O POZO, TUILLE, SILVOSO, A CORREDOIRA, VILACIMAS 1 E 2, LEBORÍN, O COMBARRO, E OS PAZOS, INCLUÍDO HONORARIOS	30/06/2020
PASTORIZA (A)	227	ACTUACIÓN NA ANTIGA ESCOLA UNITARIA PARA CENTRO MULTIUSOS DE SERVIZOS EN PLANTA BAIXA E DÚAS VIVENDAS EN PLANTA ALTA EN BRETOÑA	30/11/2019
	228	EMBELECEMENTO DA CONTORNA DO NACEMENTO DO MIÑO E IMPLANTACIÓN DE MONUMENTO NA PARROQUIA DE FONMIÑÁ	30/04/2020
	229	CONSTRUCCIÓN DUN DEPÓSITO DE INCENDIOS E USOS GANDEIROS EN FITOIRO (BRETOÑA)	
	230	CONSTRUCCIÓN DUN DEPÓSITO DE INCENDIOS E USOS GANDEIROS EN MIÑOTELO (A GUARDA)	
PEDRAFITA DO CEBREIRO	231	MELLORA DO PAVIMENTO EN LOUZARELA, INCLUÍDO HONORARIOS	30/05/2020
POBRA DO BROLLÓN	235	EXECUCIÓN DE ACCESOS AO EDIFICIO MULTIUSOS MUNICIPAL, INCLUÍDO HONORARIOS	30/12/2019
	236	REXENERACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE LAMAIGREXA, ARriba-FORNELAS, ESTACIÓN, ABAIXO-FORNELAS E LABRADA, INCLUÍDO HONORARIOS	30/12/2019 (CONDICIONADA Á APROBACIÓN POLO PLENO DA MODIFICACIÓN DO INVESTIMENTO INDICADO)
PONTENOVA (A)	248	ELABORACIÓN DE ESTUDO ACTUAL DOS SALMÓNIDOS MIGRADORES DO RÍO EO	30/06/2020
QUIROGA	255	PAVIMENTACIÓN NO NÚCLEO DE VIEIROS (FASE PRIMEIRA) (A SEARA)	31/01/2020
RIBAS DE SIL	264	INSTALACIÓN DE BUNGALOWS PARA CREACIÓN DUN XEOCAMPING EN RIBAS DE SIL	31/01/2020
SAMOS	283	MELLORA DE PAVIMENTACIÓN EN VIAL EN SANTA MARIÑA E MELLORA DE CAMIÑOS COA CONSTRUCCIÓN DE MUROS ESCOLLERA, INCLUÍDO HONORARIOS	31/05/2020
	284	CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCION PARA AMPLIAR CAMIÑO EN VILAR DO REAL, INCLUÍDO HONORARIOS	
	285	MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE VIAL EN SAN CRISTOBO DE LÓUZARA, INCLUÍDO HONORARIOS	
	286	MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO VIAL DE LASTRES A RENCHE E REHABILITACIÓN DUN MURO DE MAMPOSTERÍA, INCLUÍDO HONORARIOS	
	287	MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO VIAL DE MANXAR A PASCAIS, INCLUÍDO HONORARIOS	
	288	MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN NANDE, INCLUÍDO HONORARIOS	
	289	MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN ABRADELO, INCLUÍDO HONORARIOS	
SAVIÑO (O)	300	SUBMINISTRO DE FORMIGÓN PARA EXECUCIÓN DE CAMIÑOS EN A BROZA, CHAVE, MOURELOS, OUSENDE, ROSENDE, SAN VITORIO, SEGÁN, VILACAÍZ E VILELOS, INCLUÍDO HONORARIOS	31/12/2019
SOBER	302	SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN SUAIREXA (NEIRAS), INCLUÍDO HONORARIOS	31/03/2020
	303	INSTALACIÓN DE SANEAMENTO MUNICIPAL EN ARXEMIL, INCLUÍDO HONORARIOS	
TABOADA	306	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A CARUDE, CIMA DE VILA-PIÑEIRA, DE IGLESIA DE CICILLÓN A VILARIÑO, SERNANDE-CARBOEIRO, AIREXE, SANTA MARTA, SAN MARTIÑO, MILLÁN, A VILA E A FENTEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	10/12/2019
TRIACASTELA	314	REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE PARA CASA DO MAIOR EN VILAR, INCLUÍDO HONORARIOS	30/03/2020
	315	MELLORA DE ACCESOS A Balsa, ARXILEIRO, E ENCURCILLADAS, INCLUÍDO HONORARIOS	
VALADOURO (O)	319	ADQUISICIÓN MÁQUINA NIVELADORA	30/11/2019
VILALBA	322	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS PENARREDONDA-VILASILVESTRE E CANCELA-ROMÁN, INCLUÍDO HONORARIOS	31/12/2019
VIVEIRO	323	SUBSTITUCIÓN PAVIMENTO DEPORTIVO NO PABELLÓN MUNICIPAL DE VIVEIRO	30/11/2019
	324	MELLORA DA PISTA Pousadoiro-Cambela	
XOVE	329	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS ÓS NÚCLEOS DE VILA E PALMEIRO	15/12/2019



2º.- Determinar que as solicitudes de prórrogas, para a adxudicación e sinatura dos contratos, de proceder, dos investimentos do plan Único 2019, efectuadas dentro do prazo previsto nas bases (31 de outubro de 2019), pero recibidas na Deputación con posterioridade a esa data límite, o órgano competente, conforme aos criterios e pautas fixadas nas bases e en exercicios anteriores, pode entenderse que son susceptibles de seren autorizadas pola propia Xunta de Goberno, aínda que en acordo adoptado con posterioridade ao 31 de outubro de 2019.

3º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE BECERREÁ E PARADELA, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVERTEMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Becerreá e Paradel, no que solicitan a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019,

fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13^a, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevee colocar o cartel identificativo do investimento...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se relacionan:

Concello de Becerreá

O Concello de Becerreá presentou Anexo III de obras incluídas no plan Único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
BECERREÁ	34	ACONDICIONAMENTO DE VÍAS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE QUINTÁ, SEGÚN COORDENADAS UTM	1531.76201	26.045,06
	35	ACONDICIONAMENTO DE VÍAS MUNICIPAIS: DENDE LU-P-0704 A ACEBO, SEGÚN COORDENADAS UTM	1531.76201	1.097,32

Así mesmo, por escrito de data 05 de outubro de 2019, e de data 17/10/2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; conséntase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BECERREÁ	REM	ACONDICIONAMENTO ACCESO DE QUINTÁ, COTO E REQUEIXO	1531.76201	0,00€	16.271,53€	16.271,53€
	REM	MELLORA DOS ACCESOS A FREIAN DE ABAIXO	1531.76201	0,00€	10.868,70	10.868,70€

Concello de Paradelá

O Concello de Paradelá presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
PARADELA	214	AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DA PENA (P.K. 0+000 - 2+108) (ALDOSENDE), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	13.429,25
	215	PAVIMENTACIÓN CON MEZCLA ASFÁLTICA EN QUENTE DOS ACCESOS A: DE CRUCE DE VALDOCUTO A UCEIRABRANCA (P.K. 0+00 - 0+265); DE CRUCE DE BACORELLE A CRUCE DE UCEIRABRANCA (P.K. 0+000 - 1+075) E DE CRUCE DE VILACHÁ Á LU-P-4201 (P.K. 0+000 - 1+305), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	4.988,62

Así mesmo, por escrito de data 09 de outubro de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; conséntase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PARADELA	REM	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE ACCESO A GONDAR	1531.76201	17.582,13€	18.417,87€	36.000,00€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados concargoaos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo respectivo concello, no Plan Único 2019, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas no seu caso.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Becerreá e Paradelas e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento/s que deseguido se indica co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas, no seu caso.

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
BECERREÁ	REM	ACONDICIONAMENTO ACCESO DE QUINTÁ, COTO E REQUEIXO	1531.76201	0,00€	16.271,53€	16.271,53€
	REM	MELLORA DOS ACCESOS A FREIAN DE ABAIXO	1531.76201	0,00€	10.868,70	10.868,70€
PARADELA	REM	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE ACCESO A GONDAR	1531.76201	17.582,13€	18.417,87€	36.000,00€

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



4.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN EN RELACIÓN A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe emitido polo servizo de contratación e fomento, respecto do recurso especial en materia de contratación interpostopola licitadora, en compromiso de UTE, as mercantís CALIXTO ESCARIZ, S.L.U., BIGM CIVIL ENGINEERS S.L. e SERTO GAL S.L., contra a resolución de adxudicación do servizo para a realización de inventarios e informes técnicos-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos, expediente, cuxo contido substantivo se reproduce seguidamente:

(...)

Recibiuse, procedente do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, solicitude de expediente administrativo e informe no recurso número 258/2019.

En escrito, con rexistro telemático de 14 de outubro de 2019, comunícase a interposición de recurso especial en materia de contratación contra o acordo, adoptado en Xunta de Goberno, en sesión do 23.08.2019, adxudicando as prestacións licitadas no procedemento con referencia, a favor Da UTE integrada por HIJOS DE VALVUENA Y RON, S.L. e IURISLOCALIA, S.L.P.

Posteriormente, o 18.10.2019 recibimos notificación da resolución da medida cautelar nº.159/2019 para o recurso número 258/2019 no que se nos traslada a vontade de manter a suspensión da tramitación deste procedemento de contratación, producida de forma automática como consecuencia do disposto no artigo 53 LCSP, demaneira que, segundo o establecido no artigo 56, se entenderá vixente en tanto nonse dite resolución expresa acordando o seu levantamento.

Solicítase, polo Tribunal de Recursos Contractuais de Galicia, tanto a remisión do expediente como a emisión de informe, xunto con outros particulares que consta no expediente.

En canto ao fondo do Recurso, céntrase na improcedencia da valoración das sentenzas, que si ben foron relacionadas pola adxudicataria na súa memoria, non se xuntaron á oferta presentada á plataforma de contratación del Estado como parte da documentación do “sobre C”.

No recurso arguméntase que as sentencias, aínda que son de acceso público para a Administración, non deben de ser valoradas por non constar na documentación aportada no sobre C.

O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, pronunciouse sobre a subsanación da oferta económica: Resolución 146/2019 DE 29-03-2019 .

Invócase, en efecto, o Fundamento xurídico sexto da Resolución nº 146/2019 (recurso 308/2019), accesible na páxina web do propio Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales.

“Sexto. En este punto hemos de traer a colación la doctrina del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (entre otras, Resoluciones 164/2015 y 64/2012) que, se remite a su vez, a la doctrina emanada por el Tribunal de Primera Instancia, que ha calificado como “contrario al principio de buena fe la exclusión de las ofertas sin ejercitar, el órgano de contratación, esa facultad de solicitar aclaraciones cuando la oferta no es completa y las permite o exige y siempre, claro está, dejando aparte aquellos supuestos en los que la subsanación de la oferta por el licitador puede suponer una alteración sustantiva de la misma o, en otras palabras, cuando la subsanación puede suponer falsear la oferta inicialmente presentada o, lisa y llanamente, sustituir una oferta original por otra nueva una vez que ya son conocidas el conjunto de las ofertas presentadas por los demás licitadores, colocando así al que subsana en una clara posición de preferencia respecto de los demás concurrentes en el procedimiento. Quedan así claras las pautas de actuación en estos casos: los errores o deficiencias de las ofertas pueden y deben ser objeto de subsanación, sin que en ningún caso, esa subsanación suponga en cuanto al fondo una modificación sustantiva de la oferta inicialmente presentada.”



Más recientemente, en nuestra Resolución nº 137/2017 indicábamos, con cita de la Resolución 164/2011, que la jurisprudencia ha admitido en ocasiones la subsanación de defectos en la oferta económica, pero que “no debe perderse de vista que esta exige que, en todo caso, tales errores u omisiones sean de carácter puramente formal o material.

(...)

Con mayor detalle, en nuestras Resoluciones nº 362/2016 y 1097/2015 señalábamos que “entiende este Tribunal que siendo admisible solicitar aclaraciones respecto de las ofertas técnicas o económicas, “debe considerarse que ese ejercicio de solicitud de aclaraciones tiene como límite que la aclaración no puede suponer una modificación de los términos de la oferta, bien por variar su sentido inicial, bien por incorporar otros inicialmente no previstos” (Resoluciones 64/2012, 35/2014, ò 876/2014, entre otras). Lo decisivo es, pues, que la aclaración no propicie el otorgamiento de un trato de favor a un interesado en detrimento de los demás licitadores, en el sentido de que diera lugar a que aquél, después de conocer el contenido de las otras ofertas, pudiera alterar la proposición inicialmente formulada.”.

O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, pronunciose sobre a posibilidade de complementar a oferta económica con datos públicamente conocidos o fácilmente determinables atendiendo á documentación presentada polos propios interesados: Resolución 164/2015 DE 13-02-2015(recurso 1082/2014 C.A. Galicia 135/2014).

Invócase, en efecto, o Fundamento xurídico sexto da Resolución nº 164/2015 (recurso 1082/2014 C.A. Galicia 135/2014), accesible na páxina web do propio Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales.

“Sexto. Sentado lo anterior, debemos analizar lo que ha ocurrido en el presente caso. Efectivamente, en las ofertas técnicas cada uno de los licitadores debía presentar dos datos temporales relativos al suministro que realizaba en el contrato que es objeto de análisis. Estos datos temporales, dos como decíamos, eran los relativos primero al tiempo de calentamiento y segundo al tiempo de primera impresión, tiempos que debían efectuarse en la unidad de segundos para blanco

y negro y, también, en segundos para los datos correspondientes al color. Pues bien, dejando claro lo anterior, se puede observar que diversas empresas en lugar de incorporar a sus ofertas técnicas esos dos datos temporales en segundos, lo que hacen es aportar uno solo de esos datos. Ante tal situación, la mesa de contratación considera que una actuación de esta índole no puede ser calificada como excluyente, sino que lo que hace esa mesa de contratación es complementar los datos omitidos por los licitadores en sus ofertas técnicas, recogiendo los mismos del resto de la documentación que había sido aportada al expediente por los propios licitadores.

En otras palabras, ante la omisión sufrida por los licitadores en cuanto a los datos que debían constar en sus ofertas, en unidades temporales, la mesa de contratación pudo haber solicitado la subsanación de tales datos pero en una actuación que debemos calificar como correcta, va más allá si se quiere, y en lugar de solicitar tal subsanación realiza unilateralmente la comprobación de la documentación aportada junto con las ofertas técnicas para analizar si de ella resulta posible extraer el dato temporal omitido de forma involuntaria por los licitadores, siendo así que de la documentación antedicha resulta claramente determinable cuales son esos datos omitidos por los licitadores y una vez los mismos son determinados se incorporan al cuadro correspondiente en el que algunos licitadores habían sufridos esas omisiones, para, ahora, realizar una valoración global del conjunto de los datos que era necesario aportar.

Una actuación como la que estamos describiendo, en absoluto puede ser calificada como hace el recurrente, como determinante de la necesaria exclusión de todos aquellos participantes en el procedimiento que habían incurrido en la omisión anteriormente descrita. Efectivamente, nos encontramos que se trata de omisiones que no pueden ser calificadas como determinantes de falsedad o inexactitud de los datos incorporados a la oferta técnica, o mejor, no se trata de datos cuya incorporación, realizada por la mesa de contratación, suponga que se está alterando sustantivamente la oferta. Así, la oferta económica o técnica de los licitadores que han sufrido esa involuntaria omisión, no sufre ningún tipo de alteración, no resulta modificada en su esencia, no cambian en ninguno de sus aspectos, sino que lo que ocurre realmente es que alguno, concretamente uno de los datos omitidos por el licitador es completado por la mesa de contratación y esto último pone también de manifiesto que la circunstancia o elemento omitido era de tan fácil examen y determinación, que no fue en ningún momento necesario que la mesa de contratación utilizara la facultad de requerir a los licitadores la correspondiente subsanación sino que, como



hemos dicho antes, es la propia mesa de contratación la que procede a subsanar tales defectos sufridos.

Un supuesto similar fue objeto de nuestra resolución número 255/2013 y que traemos a colación no sólo por la doctrina que incorpora en su contenido, sino también y especialmente, por la gran cantidad de resoluciones y sentencias que incorpora en su contenido en un sentido muy similar al que aquí tratamos de recoger (...)

En el caso que ahora nos ocupa el órgano de contratación siguiendo el criterio técnico de la mesa de contratación, consideró que los errores u omisiones en que habían incurrido algunos de los licitadores consistentes en la omisiones de algunos valores temporales, eran fácilmente subsanables sin necesidad de requerir para ello a los propios licitadores, toda vez que los datos omitidos resultaban fácilmente determinables de la documentación técnica aportada por los participantes en el procedimiento concurrencial, y así lo hacen constar en el propio acta que a estos efectos se levantó en fecha de 10 de octubre de 2014, señalando en tal sentido y ante las omisiones citadas que “los valores fueron revisados teniendo en cuenta la información aportada por el resto de la documentación complementaria aportada por las empresas en las ofertas en forma de anexos con los modelos, los catálogos y/o las certificaciones”. En suma, la mesa constató las omisiones y las complementó del conjunto de la documentación aportada por los propios interesados, sin que una actuación como esta que describimos pueda ser tildada de reprochable porque en absoluto falsea o altera sustancialmente las ofertas de los licitadores, sino que se limita a completarlas, utilizando para ello la documentación aportada por los mismos.

(...)

No podemos más que señalar, para estos casos, que cuando los datos que complementan las ofertas, técnicas o económicas de los licitadores, son públicamente conocidos o fácilmente determinables atendiendo a la documentación presentada por los propios interesados en el procedimiento, en absoluto puede hablarse de una alteración, sustitución u otra modalidad de fraude en las ofertas presentadas, únicos supuestos estos últimos citados, que darían lugar por mandato normativo a la exclusión del licitador que tratase de incorporarlos a esa oferta previamente presentada, y ello más aún, en un caso como el que nos ocupa en el que el complemento de la

documentación no ha sido aportado por los licitadores, a instancia del órgano de contratación, en un trámite de subsanación de ofertas, sino que ha sido la propia administración la que ha completado las omisiones involuntarias en que habían incurrido los licitadores, recabando tal documentación de la directamente presentada por los participantes en el procedimiento.”

Esta doutrina é perfectamente aplicable ao recurso, obxecto de estas alegacións, para desestimar o recurso interposto, polas seguintes razóns:

- a) Aos efectos da aplicación do art. 28 da lei 39/2015.

“2. Los interesados tienen derecho a no aportar documentos que ya se encuentren en poder de la Administración actuante o hayan sido elaborados por cualquier otra Administración. La administración actuante podrá consultar o recabar dichos documentos salvo que el interesado se opusiera a ello. No cabrá la oposición cuando la aportación del documento se exigiera en el marco del ejercicio de potestades sancionadoras o de inspección.

Las Administraciones Públicas deberán recabar los documentos electrónicamente a través de sus redes corporativas o mediante consulta a las plataformas de intermediación de datos u otros sistemas electrónicos habilitados al efecto.”

Tal e como se expresou no informe rectificativo da valoración dos criterios evaluables automáticamente mediante fórmulas matemáticas, emitido polo servizo de contratación e fomento, de data 19 de agosto deste ano, reproducido na súa parte sustanciala continuación:

“No criterio 2, Na memoria presentada por HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP, se relacionan e identifican as resolucións administrativas ou xudiciais, indicando o Concello que se recorre, o nº. de procedemento, tribunal, data da sentenza e documentación xustificativa, polo que aínda que non aportan as sentencias, ao ser públicas e ter os datos necesarios que as identifican para poder acceder a elas, considéranse valorables segundo o artigo 28 da lei 39/2015.



Nembargantes, non todas as sentencias relacionadas na memoria xustifican a intervención do persoal adscrito á execución do contrato, polo que non todas se valoran tal e como se indica no apartado “observacións” das puntuacións de cada subcriterio deste apartado.”

b) A información relativa ás sentenzas é accesible na dirección pública e xeralmente accesible <http://www.poderjudicial.es/search//referida> ao Centro de Documentación Xudicial dependente do Consello Xeral do Poder Xudicial na que se produce a publicación oficial da xurisprudencia CENDOJ en cumprimento da competencia outorgada ao Consello Xeral do Poder Xudicial polo art. 560.1.10º da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

c) A mención ao devandito precepto no prego en relación á documentación administrativa ten carácter de mero recordatorio e non obsta a súa plena aplicación e eficacia noutras fases do procedemento como deriva da disposición final 4ª da LCSP “Los procedimientos regulados en esta Ley se regirán, en primer término, por los preceptos contenidos en ella y en sus normas de desarrollo y, subsidiariamente, por los establecidos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, y en sus normas complementarias”.

d) Non se pode reputar como improcedente a toma en consideración das sentenzas públicas. Non se produciu, como pretende o recorrente unha subsanación de defectos na oferta , na medida que a achega das mesmas realízase como medio de comprobación da súa existencia, non resultando necesario probar aquilo que se coñece por ser accesible , público e non controvertido como sobradamente coñecen os licitadores cuxo obxecto social ten relación directa co asesoramento xurídico e o exercicio da avogacía.

e) A administración non podería descoñecer que ditas resolucións xudiciais existían, tendo en conta que foron relacionadas de forma correcta polo licitador , polo mero feito de acoller unha interesada opinión do recorrente que o convertería en adxudicatario ao amparo de que a administración omite o evidente e público coñecemento das resolucións xudiciais cuxa existencia e cita polo adxudicatario reconece o recorrente sendo cuestión distinta que se comprobaron para os efectos da súa avaliación, como tamén se fixo con aquelas que o recorrente esgrimiou como propias ou dos seus colaboradores ao formular a súa oferta .

f) En todo caso a actuación desta administración ademais de resultar axustada a dereito é respectuosa cos principio de igualdade e concorrência, tal e como se deriva das resolucións nº 164/2015 e nº 308/2019 do TACRC que conteñen cita doutras aplicables ao presente recurso, ao manterse idéntico criterio para todos os licitadores como se desprende das actas da mesa de contratación e manterse invariable a oferta formulada.

g) A mesa de contratación puido solicitará licitadora a subsanación da documentación, pero nunha actuación que debemos cualificar como correcta e máis respetuosa co principio de igualdade dos licitadores, vaise máis aló, e en lugar de solicitar tal subsanación, a Mesa de Contratación aprobou realizar polo servizo de Contratación asistido polo servizo de Asesoramento a Municipios (tal e como se desprende dos correos electrónicos facilitados no expediente remitido a este Tribunal) a procura das sentenzas publicamente coñecidas e accesibles na dirección <http://www.poderjudicial.es/search/>, realizando a procura daquelas resolucións relacionadas na memoria presentada por HIJOS DE VALBUENA E RON, S.L.- IURISLOCALIA, SLP, onde identifican as resolucións administrativas ou xudiciais, indicando ou Concello que se recorre, ou nº. de procedemento, tribunal e data da sentenza, por tanto achegando as mesmas, e valorando só aquelas onde participase o persoal adscrito ao contrato.

h) Que cando os datos que complementan as ofertas económicas dos licitadores, son publicamente coñecidos como é o suposto que nos recorren, non se pode tachar esta actuación de reprochable porque en absoluto falsea ou altera substancialmente as ofertas dos licitadores, senón que se limita a completalas.

Órgano de contratación:

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de



novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018.

En base aos argumentos expresados, entendese que procede desestimar o recurso interposto.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réximexurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se establezana lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión:

Unha vez que o órgano de contratación (a Xunta de Goberno para o trámite de adxudicación), asuma como propio, de ser o caso, este informe de alegacións ao recurso 258/2019 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá remitirse ao TACGal para o seu coñecemento e valoración.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a outro criterio mellor fundado.

Non obstante o órgano de contratación decidirá.

Por canto antecede, elevo a Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar o informe de alegacións ao recurso nº 258/2019.

2º.- Ordenar a súa remisión ao Tribunal Administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

3º.- Instar que se levante a suspensión automática e se permita formalizar o contrato coa adxudicataria ao abeiro do artigo 56.3 da LCSP”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o Concello de Viveiro coa finalidade común de colaborar en: Liña 1: Actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Festas de Nadal, Entroido, Os Maíos, Romarías Estivais, Romaría do Naseiro e Rapa das Bestas de Candaoso). Liña 2: Adquisición dispositivos de fichaxe dos traballadores; mellora de seguridade de tráfico municipal (sinalización: elementos semaforicos, balizamentos, espellos exteriores, sinais, postes); adquisición de vehículos e adaptación de vehículos municipais, adquisición de bolardos; adquisición de terreo para consolidar o muro do cemiterio; adquisición de 19 láminas solares para os ventanais da piscina municipal; adquisición de maquinaria de xardinaría (cortacéspedes, motoserra, tixeiras, motosoldadura); adquisición de elementos para a suxeición dos contenedores de lixo e elaboración dun vídeo promocional do Concello.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – Proposta do servizo de contratación e fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o concello de Viveiro, coa finalidade común de colaborar na Liña 1: actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Festas de Nadal, Entroido, Os Maíos, Romarías Estivais, Romaría do Naseiro e Rapa das Betas de Candaoso); Liña 2: adquisición dispositivos de fichaxe dos traballadores; mellora de seguridade de



tráfico municipal (senalización: elementos semaforicos, balizamentos, espellos exteriores, sinais, postes); adquisición de vehículos e adaptación de vehículos municipais, adquisición de bolardos; adquisición de terreo para consolidar o muro do cemiterio; adquisición de 19 láminas solares para os ventanais da piscina municipal; adquisición de maquinaria de xardinaría (cortacéspedes, motoserra, tixeiras, motosoldadura); adquisición de elementos para a suxeición dos contenedores de lixo e elaboración dun vídeo promocional do concello.

Que dispón o seguinte:

“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o Concello de Viveiro para a execución de fins comúns consistentes en :Liña 1: actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Festas de Nadal, Entroido, Os Maios, Romarías Estivais, Romaría do Naseiro e Rapa das Betas de Candaoso). Liña 2: adquisición dispositivos de fichaxe dos traballadores; mellora de seguridade de tráfico municipal (senalización: elementos semaforicos, balizamentos, espellos exteriores, sinais, postes); adquisición de vehículos e adaptación de vehículos municipais, adquisición de bolardos; adquisición de terreo para consolidar o muro do cemiterio; adquisición de 19 láminas solares para os ventanais da piscina municipal; adquisición de maquinaria de xardinaría (cortacéspedes, motoserra, tixeiras, motosoldadura); adquisición de elementos para a suxeición dos contenedores de lixo e elaboración dun vídeo promocional do concello.

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre esta Deputación e o Concello de Viveiro.

D. María Loureiro García, Alcaldesa do Concello de Viveiro achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público- público); de data 15/10/2019, e posteriores emendas e achegas de documentación adicional requirida, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da seguridade social e da facenda autonómica

impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo, así como memorias para a realización conxunta entre o Concello de Viveiro e a Deputación de Lugo, das actuacións de:

Liña 1: actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Festas de Nadal, Entroido, Os Maíos, Romarías Estivais, Romaría do Naseiro e Rapa das Betas de Candaoso).

Liña 2: adquisición dispositivos de fichaxe dos traballadores; mellora de seguridade de tráfico municipal (sinalización: elementos semafóricos, balizamentos, espellos exteriores, sinais, postes); adquisición de vehículos e adaptación de vehículos municipais, adquisición de bolardos; adquisición de terreo para consolidar o muro do cemiterio; adquisición de 19 láminas solares para os ventanais da piscina municipal; adquisición de maquinaria de xardinaría (cortacespedes, motoserpa, tixeiras, motosoldadura); adquisición de elementos para a suxeición dos contenedores de lixo e elaboración dun vídeo promocional do concello, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. nas memorias explícanse os fins e obxectivos perseguidos con cada un dos investimentos que se articulan neste convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns indicados. esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

GASTO CORRENTE: (LIÑA 1)	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ACTIVIDADES CULTURAIS, FESTIVAS, DEPORTIVAS E TURÍSTICAS (Festas de Nadal, Entroido, Os Maíos, Romarías estivais, Romaría do Naseiro e Rapa das Betas de Candaoso)	76.926,00€	18.074,00€
SUB-TOTAL (1)	76.926,00€	18.074,00€
INVESTIMENTO: (LIÑA 2)	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ADQUISICIÓN DISPOSITIVOS DE FICHAXE DOS TRABALLADORES	13.983,97€	--
MELLORA DE SEGURIDADE DE TRÁFICO MUNICIPAL (SINALIZACIÓN: ELEMENTOS SEMAFÓRICOS, BALIZAMENTOS, ESPELLOS EXTERIORES, SINAIS E POSTES)	8.026,42€	--
MELLORA DE SEGURIDADE DE TRÁFICO MUNICIPAL (ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS E ADAPTACIÓN DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS)	12.729,92€	--
MELLORA DE SEGURIDADE DE TRÁFICO MUNICIPAL (BOLARDOS)	2.466,58€	--
ADQUISICIÓN DE TERREOS PARA CONSOLIDAR O MURO DO CEMITERIO	6.465,36€	--
ADQUISICIÓN DE 19 LÁMINAS SOLARES PARA OS VENTANAIS DA PISCINA MUNICIPAL	4.047,98€	--
ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA XARDINARÍA (CORTACESPEDES, TESOIRAS, MOTOSERRA, MOTOSOLDADURA)	8.761,32€	--
ADQUISICIÓN ELEMENTOS DE SUXEIÇÃO DOS CONTENEDORES DE LIXO	3.445,50€	--
ELABORACIÓN DE VIDEO PROMOCIONAL DO CONCELLO	18.146,95€	--
SUB-TOTAL (2)	78.074,00 €	--
TOTAL (LIÑA 1 + LIÑA 2)	155.000,00€	18.074,00€
TOTAL	173.074,00€	



O concello de Viveiro achegará as memorias técnicas necesarias para a execución dos investimentos, segundo proceda legalmente; así mesmo encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir as obra, aperturalas, mantelas e dar o servizo á veciñanza que proceda, segundo a natureza e destino de cada un dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

O concello de Viveiro asume o compromiso de tramitar cantos permisos e autorizacións sexan precisos para o desenvolvemento destas actividades incluídas na liña 1, incluída a organización das actividades lúdicas e culturais, deportivas e turísticas, e responsabilidades derivadas ou consecuentes.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.



O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico- administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas

súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activa que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alén do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co art. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das

Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Viveiro é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios; g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano; h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); k) cemiterio e actividades funerarias; l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...).

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a



prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)

No ámbito turístico cabe acudir a lexislación sectorial nesa materia, concretamente a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, que no seu artigo 5 establece as competencias municipais: “corresponden ao concellos, se prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións: a) A protección e promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal; (...)”.

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Viveiro, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio

Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Viveiro, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (LIÑA 1 + LIÑA 2)	CONCELLO DE VIVEIRO
2019	155.000,00€	18.074,00€

Concello de Viveiro: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe, e no cadro precedente.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.



A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2019.

O concello de Viveiro será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o

Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Viveiro coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Liña 1: actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Festas de Nadal, Entroido, Os Maios, Romarías estivais, Romaría do Naseiro e Rapa das Betas de Candaoso); Liña 2: adquisición dispositivos de fichaxe dos traballadores; mellora de seguridade de tráfico municipal (sinalización: elementos semafóricos, balizamentos, espellos exteriores, sinais, postes); adquisición de vehículos e adaptación de vehículos municipais, adquisición de bolardos; adquisición de terreo para consolidar o muro do cemiterio; adquisición de 19 láminas solares para os ventanais da piscina municipal; adquisición de maquinaria de xardinaría (cortacéspedes, motoserra, tixeiras, motosoldadura); adquisición de elementos para a suxeición dos contenedores de lixo e elaboración dun vídeo promocional do concello, con un orzamento total de 173.074,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de



155.000,00 euros, de acordo co desglose por liñas e actuacións indicado, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa á addenda ao convenio de cooperación entre esta Deputación e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para o desenvolvemento de accións contempladas no protocolo de colaboración para o desenvolvemento dun Plan de Choque para o Campus de Lugo.*

Logo de ver a proposta do Sr.Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“O 26 de decembro de 2018 asinouse entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) un convenio interadministrativo para o desenvolvemento de accións contempladas no Protocolo de Colaboración para o desenvolvemento dun Plan de Choque para o Campus de Lugo.

Posteriormente, o 3 de outubro de 2019, D^a. Montserrat Valcarcel Armesto, en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela, na súa condición de Vicerreitora de coordinación no Campus de Lugo, presentou solicitude de convenio interadministrativo de cooperación, na que se pretendía un apoio económico por parte da Deputación de Lugo, por importe de 2.980 €, para sufragar os gastos derivados da execución da acción denominada “XI Reunión Científica de BioinorgánicaBioLugo 2019”.

Examinada a dita solicitude polos técnicos da Sección de Promoción Económica e Emprego, dende esta informouse favorablemente, o 9 de outubro de 2019, o apoio da Deputación de Lugo á USC no financiamento dos gastos derivados da dita actuación, mais non a través da formalización dun novo convenio interadministrativo de cooperación, senón utilizando a ferramenta de modificación do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de accións contempladas no

Protocolo de Actuación para o desenvolvemento dun Plan de Choque para o Campus de Lugo, prevista na Cláusula sétima do mesmo e que se levaría a cabo asinando a correspondente addenda. A dita modificación supoñía un compromiso económico para a Deputación por importe de 2.980 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3261.48900 do vixente Orzamento Xeral provincial.

Concretamente, segundo o informe emitido pola dita Sección, a subscrición da addenda ao dito convenio utilizaríase como aparello para a cooperación e colaboración interinstitucional coa finalidade de contribuír á promoción e apoio á investigación e á transferencia de coñecementos á sociedade, con aproveitamento e sinerxías nos ámbitos da saúde, da eficiencia dos procesos produtivos no sector primario, do aproveitamento de residuos, do aumento de valor de produtos na cadea madeireira, e do aproveitamento de novas formas de enerxía, de grande influencia todos eles no medio rural, que ten un importante peso económico e sociolóxico na Provincia, segundo as diversas estatísticas oficiais; e contribuíría, polo tanto, á consecución dos obxectivos de boa administración e de calidade no desenvolvemento da actividade administrativa.

Posteriormente, dende o Servizo de Contratación e Fomento, a Secretaría Xeral e a Intervención, informouse favorablemente a aprobación do texto da addenda ao dito convenio e a formalización da mesma.

Por todo canto vai dito, elévase á Xunta de Goberno proposta para a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto da addenda ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de accións contempladas no Protocolo de Colaboración para o desenvolvemento dun Plan de Choque para o Campus de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 2.980 €, en concepto de achega económica por parte da Deputación, para o financiamento da actuación contemplada na dita addenda, con cargo á aplicación orzamentaria 3261.48900 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación a Unión de Sarria, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación: “Proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio social da Unión”, na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade LA UNIÓN DE SARRIA, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio social da Unión”, polo importe de 45.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 22.500,00€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital etc).

O obxecto que se persegue con esta subvención é adaptar e mellorar as condicións básicas de accesibilidade e funcionalidade no inmovible que constitúe o local e sede social da entidade promotora (LA UNIÓN DE SARRIA), encamiñadas a solucionar os problemas de comunicación, mobilidade e orientación, e convertíndoo nun inmovible accesible e practicable. Facilitase a participación dos veciños de Sarria e a súa comarca no conxunto de actividades levadas a cabo pola entidade promotora, permitindo mellorar as condicións de acceso e disfrute da veciñanza, e especialmente o das persoas con mobilidade reducida.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 45.000,00€ a favor da entidade LA UNIÓN DE SARRIA, para sufragar os gastos



derivados da execución da actuación “Proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio social da Unión”, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 45.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade LA UNIÓN DE SARRIA, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio social da Unión”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PLANS DE PREVENCIÓN PARA EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN.

Vistos os Plans de prevención dos servizos que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto nos Pregos de Prescricións Técnicas particulares e informe emitido polo director facultativo así como as propostas da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ó servizo que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ó director facultativo e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da prestación.

SERVIZOS DOS QUE SE APROBAN OS PLANS DE PREVENCIÓN

- Conservación en la R.V.P. 2019-2021. Zona 3:

Contratista: T.A. ISIDRO HNOS. BLANCO TRIGO, S.L.

- Conservación en la R.V.P. 2019-2021. Zona 6: Becerreá, Cervantes, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro.

Contratista: UTE OVISA-PROBISA SECTOR 6.

- Conservación en la R.V.P. 20-19-2021. Zona 7

Contratista: COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES, S.A.

- Conservación en la R.V.P. 2019-2021. Zona 8: Monforte, Bóveda, Pobra do Brollón, Sober, Pantón, O Saviñao, Taboada, Chantada, Carballedo.

Contratista: FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/009.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/009, correspondente á Sociedade Civil Ganadería Casisaldo, S.C. (O Corgo), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 6,32Has, concedéndolle unha subvención por importe de 3.160,00€, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A Sociedade Civil Ganadería Casisaldo, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.



Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade Civil Ganadería Casisaldo, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/009, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 3.160,00 €, así como o aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/021, correspondente a Argimiro Bolaño Polín (Castroverde), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,47 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 735,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Argimiro Bolaño Polín, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Argimiro Bolaño Polín, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/021, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 735,00 €, así como o aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/030.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/030, correspondente á sociedade civil Ganadería Valcarce, S.C. (Baleira), destinada a incorporación de terras para a súa posta en



producción, cunha superficie de 3,20Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.600,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A Sociedade Civil Ganadería Valcarce, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Ganadería Valcarce, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/030, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.600,00 €, así como o aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/039.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/039, correspondente á sociedade civil Casa Casanova, S.C. (A Fonsagrada), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 4,14 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 2.070,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A Sociedade Civil Casa Casanova, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade Civil Casa Casanova, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/039, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 2.070,00 €, así como o aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018



“RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/063.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/063, correspondente a M^a José Díaz González (Vilalba), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2,4950 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.247,50 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

M^a José Díaz González, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de M^a José Díaz González, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/063, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.247,50 €, así como o aboamento da mesma.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/064.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/064, correspondente a María Barro Corral (Xermade), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2.2370 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.118,50 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

María Barro Corral, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de María Barro Corral, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/064, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.118,50 €, así como o aboamento da mesma”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/069.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

